


# Decreto Filgueira

(guía para o profesorado)



Deseño do contido: Xemma Fernández  
Deseño gráfico: Uxio Outeiro

# Presentación

O documental "Decreto Filgueira", dirixido por Ozo Perozo, pretende explicar o intenso debate que se produciu entre os anos 1971 e 1982 pola decisión de cal debía ser a orientación ortográfica do galego. Pensamos que este proceso, explicado de forma áxil e didáctica no filme, pode ser de axuda para entender os motivos que levaron a entender o galego tal e como hoxe o concebimos, con todos os consensos e distensións con que chegou á actualidade. Pensamos especialmente no alumnado de 4º da ESO e 2º de Bacharelato, que teñen que coñecer a historia social do galego no século XX, contidos polos cales non sempre é fácil espertar o interese. Alén disto, tamén queremos facer unha achega máis para comprender mellor a figura homenaxeada no próximo Día das Letras, Xosé Filgueira Valverde, a través deste episodio que protagonizou no inicio dos anos 80 e fundamental para a historia da nosa lingua.

Isto non é unha unidade didáctica porque entendemos que o contido referente a este punto é amplo e require de medios e recursos que o documental non visa proporcionar, mais achegamos unha secuencia didáctica para a comprensión e reflexión a partir do filme que poida ser facilmente integrada na secuenciación que cada docente poida facer do tema.

# Obxectivos

## 4º ESO:

- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega e sinalar as distintas etapas desde 1916.
- Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados ( conferencias, clases, charlas, presentacións, videoconferencias).

## 2º Bacharelato:

- Distinguir as características lingüísticas fundamentais do Galego Moderno desde 1916 ata 1978 e describir o seu contexto e identificalo en textos.
- Distinguir as características lingüísticas fundamentais do Galego Moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.
- Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.
- Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados ( conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).
- Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios do ámbito académico, xornalístico, profesional e empresarial.

# ACTIVIDADES

A secuencia de actividades está pensada como unha guía de "lectura" do documental; é por isto que dividimos a proposta en tres bloques: antes, durante e despois da proxección do documental.

## Antes

A intención deste apartado é preparar o alumnado para entender mellor que van ver e crear certa tensión ou expectativas sobre o que se vai explicar e como se vai facer, nun intento de axudar a manter a atención durante case trinta minutos de exposición que pode ser difícil de seguir nalgúns puntos. Neste sentido, as cinco actividades pretenden acadar dous obxectivos: activar o coñecemento previo sobre o tema (actividades A e B) e, por outro lado, crear expectativas e facer hipóteses sobre o que vai ser exposto (actividades C e D).

## Solucións

1. **A.** 1. Séculos XIII a XV // 2. Séculos escuros // 3. Século XIX // 4. Anos 20 (Xeracion Nós) // 5. 1936 (Guerra Civil) // 6. Anos 40 // 7. Anos 50 // 8. Anos 70: final da ditadura // 9. Anos 70 // 10. Novembro de 1982

1. **B.** 1, 10, 6, 4, 5, 7, 2, 8, 9, 3

2. **C.** 11, 9, 1, 3, 2, 7, 5, 10, 6, 8, 4

## Durante

As actividades deste apartado respectan a orde expositiva do documental e pretenden axudar a interpretar o exposto, ordenando e fixando as ideas principais.

## Solucións

A.

### Filgueira Valverde (FV)

Dedicou moito tempo a estudar e divulgar a nosa cultura.

Entre os valores propios do "galeguismo" e do "catolicismo" os relacionados co segundo eran máis importantes para el.

Era profesor de literatura española, mais sempre deixaba un espazo para a lingua e a cultura galegas.

Fixo posíbel que se preservasen importantes pezas do patrimonio cultural galego.

Foi secretario do Museo Provincial de Pontevedra entre o ano 27 e o 40.

Mantivo viva a chama da galegitude durante o franquismo.

### Carvalho Calero (CC)

Foi autor dunha historia da literatura galega e da "Gramática do galego común".

Foi o primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela en 1972.

Foi o principal redactor das normas da Real Academia Galega (RAG) de 1971

Formou parte das Mocidades Galeguistas que tiveran un importante papel na promoción do 1o Estatuto de Autonomía.

Na década dos 40 é represaliado polo franquismo.

B.



C.

1971. Normas Ortográficas do idioma galego. RAG. Lusista.

1977. Algunhas normas para a unificación do idioma galego. Xunta de Galicia. Consenso.

1980. Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. ILG. Autonomista.

D.

Carvalho Calero foi escollido para presidir a “Comisión de Lingüística” da Xunta por un conselleiro de Cultura. **V**

Na “Comisión de Lingüística” estaba Filgueira Valverde. **V**

Na “Comisión de Lingüística” só había partidarios do lusismo. **F**

A acentuación foi un dos asuntos máis discutidos. **V**

As normas da “Comisión de Lingüística” ofrecían solucións duplas para certas terminacións e a acentuación. **V**

As normas da “Comisión de Lingüística” foron aplaudidas polo galeguismo histórico. **V**

## Despois

O último bloque quere funcionar como (auto)avaliación da secuencia de actividades. A composición dun texto argumentativo-expositivo debería axudar á alumna ou alumno a “facer seu” o aprendido e animalo/a a formar unha opinión propia sobre o exposto, alén de practicar de xeito reflexivo a composición deste tipo de textos.

Achegamos unha grella de avaliación que poida ser usada para a auto ou a co-avaliación, ou mesmo para servir de guía na corrección da/o docente.

## Temporización

---

O tempo é un dos recursos máis escasos nas aulas, por iso, achegamos unha secuencia de actividades que poida inserirse facilmente nunha unidade didáctica maior. Está pensada para unha (primerio bloco de actividades e proxección do documental) ou dúas sesións (secuencia completa), podendo facer as actividades de avaliación como traballo para a casa.